



O Pergamiño Vindel

Xoán Bernárdez Vilar

Quantas sabedes amar amigo
treides comigo a lo mar de Vigo
e bannarnos emos nas ondas!

Quantas sabedes d'amar amado
treides comigo a lo mar levado
e bannarnos emos nas ondas!

Martín Códax
(mediados século XIII)

No ano 1914 o bibliófilo e anticuario Pedro Vindel Álvarez (1865-1921), oriúndo da cativa vila alcarreña de Olmeda de la Cuesta, atopou na súa propia tenda, en Madrid, na garda interior dunha obra de M. Tulio Cicerón (106-43 a. C.), un pergamiño de dúas páxinas coas Sete Cantigas de Amigo, do trobeiro Martín Códax, que, se ben que xa coñecidas, aparecían nel acompañadas polas súas notacións musicais. E se ben despois se considerou que desaparecera, a realidade é que Pedro Vindel vendérallo, antes de 1921, data da morte de ambos, ao diplomático e musicólogo Rafael Mitja-

na y Gordón (1869-1921), que naquel intre catalogaba as obras de tal disciplina na Biblioteca de Upsala, Suecia. Rafael Mitjana atopara, xa en 1907, o chamado *Cancioneiro de Upsala*, con 56 cancións de compositores españois dos séculos XV e XVI, publicado en 1558 en Venecia polo editor Scotto.

Como consecuencia, o *Pergamiño Vindel* permaneceu inaccesible ao público, aínda que a viúva de Mitjana continuara a vivir en Upsala. Máis tarde, os herdeiros da mesma venderonllo ao bibliófilo Otto Haas, sendo máis tarde cando se puxo á venda en Londres, ocasión na que, xa no ano 1977, o adquiriu a J. Pierpont Morgan *Library & Museum, New York*, onde se conservou ata agora baixo a sinatura de MS. M979.

Importante tamén é que indiquemos que desta xoia da nosa literatura medieval fixéronse nu-

merosas reproducións, a primeira delas xa no ano 1915, polo seu propio descubridor, e que se realizarían outras de grande valor iconográfico, entre elas as do editor ourensán, establecido en Barcelona, Manuel Moleiro, e as da propia *Morgan Library*.

Os estudos sobre ela son numerosísimos, atopándose entre eles o do tudense Xosé María Álvarez Blázquez (ano 1958, publicado en Vigo en 1962), e o de Manuel Pedro Ferreira, (Lisboa, 1986), este distribuído acompañado por un disco que contén as melodías de Martin Códax interpretadas por Helena Afonso e José Peixoto. Polo que sabemos, sen embargo, foi a Coral Polifónica de Pontevedra, en 1928, daquela dirixida por Antonio Blanco, a que fixo a primeira gravación destas cantigas utilizando a musicación salvada polo *Pergamiño Vindel*, se ben que efectuou outra máis tarde, en 1945.

Agora ben, o máis asombroso da historia deste Pergamiño é o feito de que, no seu estudo do ano 1962, Xosé María Álvarez Blázquez xa comentaba que o manuscrito se atopaba en *New York*, aínda que os datos que

sobre el se manexan fan pensar que o seu traslado á cidade dos rañaceos produciuse quince anos despois.

O dous de agosto de 1996, nunha visita que daquela fixemos á biblioteca da Universidade de Upsala, en Suecia, fomos sabedores de que fora nela onde se descubrira o Códice coas Cantigas de Martin Códax. Preguntada a administradora da mesma sobre a cuestión, non soubo dicirnos con seguridade se se trataba do manuscrito vindeliano o alí descuberto, ou que nada máis que en realidade este permanecera naquela biblioteca por un tempo, coma parece máis lóxico deducir de canto se coñece.

Paralelamente a estes feitos, entre 2014 e 2016 rodouse por descendentes seus unha película sobre a vida de Pedro Vindel, quen, aos dez anos, e sen saber ler, abandonara o seu lugar para marchar cuns ambulantes a Madrid, onde venderá libros e se converterá nun dos máis destacados libeiros. O filme estreouse en xuño de 2016 no Olmeda de la Cuesta natal do extinto.

Como remate resumamos agora que, ao longo do último

ano, produciuse unha grande actividade entre os amantes da nosa cultura á procura de traer ao país o Pergamiño cos poemas dun dos cantores, hai oitocentos anos, do Mar de Vigo. Aos desvelos do psiquiatra Cipriano Jiménez (Pontevedra, 1946), e da profesora Camiño Noia (Compostela, 1945), débese que convenceran ao reitor da Universidade de Vigo, o biólogo Salustiano Mato (Compostela, 1960) para que conseguise que a *Morgan Library & Museum* cedese o Pergamiño. Este, pois, vai permanecer exposto no Museo do Mar de Galicia, en Vigo, dende outubro de 2017 a marzo do 2018, coas máximas garantías de seguridade, nunha urna climatizada e contextualizado coa exposición con el doutras obras dos museos galegos.

1.- As letras

17-5: Xinzo de Limia, a vila onde Carlos Casares pasou os primeiros anos da súa vida, conmemora o Día das Letras Galegas a el dedicado, coa presenza da RAG e outras autoridades.

19-5: Noia réndelle unha homenaxe conxunta aos seus fillos María Mariño Carou

(1907-1967) e Antón Avilés de Taramancos (1935-1992), ex-presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, poetas ambos aos que se lle dedicaran Días das Letras Galegas en 2007 e 2003, respectivamente.

25-5: Na Fundación Laxeiro de Vigo realízase unha lectura dramatizada de *O retrato da Sibila*, de Vanesa Sotelo, sobre a obra da pintora surrealista Maruja Mallo (1902-1995).

13-6: Son presentados no auditorio do Pazo de San Roque, en Compostela, os vocabularios Galego-Italiano de Arquitectura, Pintura e Escultura.

17-6: O pleno da RAG elixe a M.^a Victoria Moreno Márquez (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 - Pontevedra, 2005), como a cuarta muller á que se lle dedique un Día das Letras Galegas, neste caso o do ano 2018. M.^a Victoria Moreno, formada en Filoloxía Románica na Universidade de Madrid e máis tarde profesora de Ensino Secundario en Lugo, Sanxenxo e Pontevedra, foi autora e tradutora de numerosas obras, especialmente de literatura infantil e xuvenil, na maioría das cales utilizou o pseudónimo de Pe-

regrina Pérez. No ano 1990 foi incluída na Lista de Honor do IBBY, a bienal que selecciona as obras máis sobresalientes que se publican nos países membros da organización, co dezo de acadar o entendemento internacional a través da literatura infantil e xuvenil. A obra pola que o mereceu titúlase *Anagnórise*, palabra grega que indica a acción de recoñecer.

25-6: É presentada na Casa Museo da Fundación de Estudos Oterianos a obra *Pereliñaxes*, de Carlos Baliñas Fernández (Cerdedo, 1930), filósofo, profesor e Medalla Castelao no ano 2000. Esta obra é unha homenaxe ao XXXV Premio Trasalba 2017.

27-6: Dáse a coñecer na sala Eiseman da Cidade da Cultura, no Gaiás, a obra conmemorativa *Camilo José Cela, 1916-2016. O Centenario dun Nobel*.

14-7: AGADIC, a Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura, anuncia que manterá a súa sede na Coruña 20 anos máis.

15-7: Ten lugar a Festa da Palabra da *Insua dos Poetas*, no Carballiño, con homenaxe especial a Carlos Casares.

21-7: Aos seus 95 anos, a poetisa Luz Pozo Garza é homenaxeada cun recital no salón de actos da RAG, na Coruña.

10-8: Difúndese a nova da publicación na Editorial Mundial, de *New York*, da versión completa ao esperanto da novela de Xosé Neira Vilas (Gres, 1928-2015), *Memorias dun neno labrego*, unha das obras máis difundidas da nosa cultura. Autor desta versión foi o filólogo vigués Suso Moinhos. Nela recupéranse as ilustracións orixinais de Isaac Díaz Pardo (Compostela, 1920 - A Coruña, 2012), e inclúese un prólogo do presidente da Asociación Universal do Esperanto, Mark Fettes. A publicación cadra, precisamente, co ano dedicado a Ludwik Zamenhof, creador do esperanto, no 130 aniversario do seu falecemento.

A mediados do mes de setembro a Editorial Kalandraka, de Pontevedra, publicou a novela máis emblemática sobre a personaxe infantil, creada no ano 1941 pola sueca Astrid Lindgren (1907-2002), *Pippi Calzaslargas*, nesta ocasión traducida á nosa fala por David Álvarez como *Pippi Mediaslongas*,

coas ilustracións orixinais de Ingrid Vang Nyman. Así pois, Pippi, a extrovertida e contestataria rapaza dos nosos anos mozos, que como os máis de 60 libros que escribiu a súa autora defendeu os dereitos da infancia, as mulleres, a natureza e os animais, está xa por completo entre nós.

23-9: Nun acto celebrado no IES Otero Pedrayo de Ourense, é recibida na RAG a nova Académica Numeraria da mesma, Chus Pato Díaz (Ourense, 1955).

2.- Antropoloxía

18-6: O arqueólogo Francisco Herves (Gijón, 1961), que escava en Lugo dende o ano 1986, confirma que o máis interesante de canto atopou nos últimos cinco anos é un balneario, ao que considera un dos máis relevantes xacementos da provincia. Segundo os datos por el axuntados é anterior á propia cidade e ofrece cousas tan interesantes como obras de captación da auga do Miño, numerosas piscinas, unha *sudatio*, aras, restos de edificios externos, *tabernae* e outros moitos restos aínda sen ser explorados.

22 a 24 de xullo: Celébrase no Porriño unha nova edición de *Porrigalia*, a ficticia conmemoración dunha invasión da vila polos galos. Xentes con disfraces de Astérix e Obélix, nenos a participar en *Pekegalia* e *Bebegalia*, cuádrigas, combates, concertos, etc.

27-7: Cúmrese o primeiro centenario do Museo do Monte Santa Trega, na Guarda, o primeiro museo arqueolóxico que houbo en Galicia. Con máis de 40.000 pezas nos seus fondos, é un dos nosos fondos histórico-culturais máis destacados.

3-9: Celébrase unha visita guiada ao mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado, máis coñecido como Sobrado dos Monxes, en pleno Camiño de Santiago.

9-9: Ten lugar en Vigo a 119.^a Convención Numismática de Galicia, organizada por Jaime Paz Molina, fillo do numismático de Lobios Jaime Paz Bernardo (1944-2005). Nela participaron 27 profesionais, que expuxeron no Hotel Ciudad de Vigo algunhas das moitas moedas cuñadas no país por 43 monarcas. A primeira, a da ceca de Lugo, no ano 27 a. C., débese

ao emperador Octavio César Augusto, pouco antes de completar a ocupación da Gallaecia, mentres que a última é de Isabel II, en Xubia, en 1868, pasando por outra de Tui, do ano 525, do visigodo Recaredo. Hai tamén unha curiosa peza británica, de 1702, na que se utilizou o ouro da batalla de Rande.

28 a 30-9: Seminario sobre Museos, Etnografía e Antropoloxía no Museo do Pobo Galego, en Compostela.

16-8: Organizado pola Asociación da Orde da Vieira, tivo lugar o X Encontro de Amigos da Cultura Celta. Cultura Castrexa e Celtas Atlánticos. Os actos celebráronse no Castro San Cibrán de Las, en Ourense, primeiro cunha visita guiada ao mesmo, despois a mesa redonda sobre o tema e a entrega de diversas distincións honoríficas. Amenizou Marco Foxo, da sección de Gaitas da Deputación de Ourense.

16 e 17 de setembro: Celébrase no barrio de Navia –a nosa antiga deusa das augas–, a VI Edición do *Vicus Spacorum*, festa que recrea costumes e loitas entre galaicos e romanos, combates de gladiadores,

cetrería, xogos, unha voda colectiva oficiada por un druída, queimada, xogo de *harpastum* – un predecesor do rugby–, e ata concertos de gaitas.

3.- Audiovisual

13-9: O Museo das Belas Artes da Coruña incorpora á súa exposición permanente a obra *O discurso* do pintor, deseñador e editor Isaac Díaz Pardo (1920-2012).

4.- Banda Deseñada

Entre os días 7 e 13 de agosto tivo lugar na Coruña a XX edición do certame *Viñetas desde o Atlántico*, nesta ocasión dirixida polo debuxante Miguelanxo Prado, con carácter pedagóxico. A exposición contou coa presenza de 11 autores, numerosas exposicións e a necesaria atención á banda deseñada galega. Destacou o espectáculo audiovisual *Black Dog. The dreams of Paul Nash*, unha auténtica lección de música en vivo.

5.- Cine e Teatro

24 a 27 de maio: Celébrase en Cans, O Porriño, o XIV Fes-

tival de Curtas, que, ademais de render unha homenaxe aos emigrantes retornados, igualou a súa máxima asistencia de espectadores –uns 13.000–, creando ao mesmo tempo 110 postos de traballo. Premios:

–Mellor imaxe real: *AAVA*, de Andrea Zapata-Guirau.

–Mellor imaxe de animación: *Decorado*, de Alberto Vázquez.

–Mellor interpretación masculina: Ricardo de Barreiro e Xulio Abonjo, por *Einstein-Rosen*.

–Mellor Realización: *AAVA*, de Andrea Zapata-Guirau.

–Mellor guión: *Einstein-Rosen*, de Olga Osorio.

–Mellor Banda sonora: *The Magic Oven*, de Manuel Riveiro e Natalia Senra.

–Mención especial: *Lago Sabroso*, de Borja Santomé.

–Premio dos veciños: *Volant*, de Raquel Pérez.

–Mellores *Videoclips*: *Mi Re La*, de Xaime e Antón Miranda e *Restos de un naufragio* de Fran X. Rodríguez.

–Premio de Honra Pedigree: Miguel de Lira.

13-6: Os medios informativos dan a coñecer que o mozo Raúl Ferreiro (Lugo, 1997), que cumprirá anos no próximo mes de Nadal, será daquela definitivamente contratado como bailarín do prestixioso ballet Mariinsky de San Peterburgo, en Rusia.

30-6 a 8-7: Celébrase a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

23-7: *Las vacas de Wisconsin*, unha curta da directora viguesa Sara Traba, obtén o Premio desta categoría no XXIII Festival Ibérico de Badaxoz, conseguindo tamén o Premio á Mellor Dirección. A cinta, que relata a historia dunha muller de aldea que procura música para que a súa vaca dea máis leite, xa fora pasada nos festivais Primavera de Cine, en Vigo, e Cans, no Porriño.

17-9: *Dhogs*, longametraxe de suspense e ficción rodada en galego, vence no Festival de Cine de Split (Croacia). O autor da mesma é un mozo formado nas Universidades de Vigo e A Coruña, que utiliza o pseudónimo de Andrés Goteira. Andrés Goteira, nado en Meira, o Concello no que tamén o fai o río Miño,

xa rodara varias curtametraxes. *Dhogs*, presentada por Gaitafilms e Pixel Films, pasara antes tanto polo Festival de Cine Independente de Bos Aires como polo de Cans (O Porriño). A próxima aventura do mesmo vai ser a de se converter na primeira película en galego que participe no Festival de Cine Fantástico de Sitges (Cataluña).

6.- Congresos. Comunicaci3ns

9-6: Celébrase o Día Internacional dos Arquivos, no que participan tamén os de Galicia.

9-6: Como homenaxe a Fermín Penzol Lavandera, descóbrense un busto seu na Facultade de Dereito de USC.

15-9: Organizado pola RAG e o Instituto de Estudos Bercianos, ten lugar en Ponferrada, Vilafranca e Cacabelos, o Simposio do Bicentenario do militar e poeta Antonio Fernández Morales, o Cantor do Bierzo (Astorga, 1817 - Cacabelos, 1816),

14-9: Celébrase na Fundación Barrié, na Coruña, o simposio sobre economía galega *O noso pobo. De hoxe noutros corenta anos*.

15-9: Cun acto literario musical, recibíuse en Celanova, Ourense, a visita institucional da presidenta da Asemblea da Rexión Lexislativa Autónoma das *Ilhas Acores*.

30-9: Celébrase no Museo de Pontevedra a II Xornada da Onomástica galega, na que se trataron as normativas para conseguir a restitución da onomástica persoal deturpada, así como as estratexias a seguir.

7.- Decesos

22-7: Nesta data, á idade de 91 anos, abandonounos o sacerdote e investigador da nosa toponimia, Nicandro Ares Vázquez (Santa Eulalia de Bóveda, 1926 - Lugo 2017). Dende 1955 e ata a súa xubilación foi profesor no Seminario de Lugo, ademais de académico correspondente da RAG. Os seus estudos abranguen 35 concellos da súa provincia e son esenciais para a onomástica. Nicandro Ares foi soterrado na súa parroquia de nacemento.

27-8: Aos 84 anos de idade faleceu na súa casa de A Guarda o pintor e escultor Pedro Solveira (Vigo, 1932). Empregado

dende moi novo na fábrica La Metalúrgica, fixera despois una frutífera escapada a París, onde trabou relación cos grandes daquel tempo, entre eles Le Corbusier, o que máis lle impactou. Volta a Vigo, a súa obra chegou despois a todo o mundo. En 1996 Caixavigo fixo unha exposición antolóxica das súas obras. Foi enterrado o día 29 na súa cidade natal nun multitudinario acto ao que concorreron xentes e autoridades. Na despedida poética e musical o seu fillo Ricardo recitou poemas de Miguel Hernández acompañado ao acordeón polo bielorruso Vadim Yuknevich, na actualidade residente en Galicia e amigo persoal do extinto.

31-8: Falece en Vigo a profesora de inglés Alicia Jones Jones. Chegada á cidade dende o seu Gales natal, con apenas vinte anos de idade e un contrato temporal, casaría en Vigo, onde residiu xa ata o día do seu pasamento. O feito, recollido nos medios informativos, daría a volta ao mundo, porque na necrolóxica de despedida, Alicia Jones pedía que a lembrasen con ledicia tomando «*la vino y el tortilla*», segundo o seu peculiar xeito de se expresar, cousa

que tanto a súa filla Julie Fernández Jones e as súas amizades e alumnos cumpriron fielmente.

9-9: Desprazada a terras asturianas coa intención de presenciar a derradeira actuación do ciclista Alberto Contador (Madrid, 1982), falece no Hospital Central de Asturias, María Ferreira González, de 29 anos de idade, profesora de infantil no colexio Santo Tomás de O Porriño. María Ferreira, triatleta, profesora tamén de aeróbica, practicante de varios deportes, comprometida en numerosas causas sociais e con másters en investigación en actividade física e numerosos trofeos deportivos, así como monitora de natación en Ponteareas. Sufriera un gravísimo accidente de bicicleta no Alto de l'Angliru, nas inmediacións de Cueva les Cabres, a uns 1.570 metros de altitude, o lugar onde pensaba saudar ao veterano ciclista. A consecuencia do accidente tivo que de ser conducida en helicóptero ao hospital ovetense, onde xa non se puido facer nada por ela. Foi inhumada días despois no Porriño no medio do sentir xeral.

12-9: Falece en Vigo a poeta, escritora, dramaturga e

membro da Real Academia Galega, Xoana Torres Fernández (Compostela, 22-11-1931). Alumna na súa xuventude, en Ferrol, do profesor Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910 - Compostela, 1990), foi en tal cidade onde trabou coñecemento co mundo da radio. Xoana Torres, que pasou algún tempo en Oriente Medio, onde escribiu unha das súas principais obras. Deixounos cinco poemarios, dúas obras de teatro, unha novela, dous relatos de literatura infantil, un ensaio, tres publicacións colectivas e catro traducións. Na década dos sesenta dirixiu en *La voz de Vigo* a emisión do programa *Raíz e Tempo*, o primeiro que despois da Guerra Civil se fixo en galego. Os seus principais premios foron o Castelao (1966), o Pedrón de Ouro (1972), o da Crítica (1980), o da Crítica española (1981) e o da Xunta de Galicia á Creación Feminina (1992). Por expreso desexo da súa filla, Andrea Ellacuría Torres, e demais familiares, non se celebraron actos fúnebres, se ben pouco antes da incineración dos seus restos improvisouse unha espontánea e sentida Ágora literaria en honor da extinta, na que

o presidente da RAG foi convidando ás académicas presentes a pronunciar unhas palabras: Laura Gandeiro, Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre e Chus Pato déronlle así o adeus a Xoana Torres, acompañados tamén polo anterior presidente Xesús Alonso Montero e o editor Xan Carballa, que aproveitou a ocasión para presentar a obra póstuma de Xoana, en loor da súa avoa materna, *Elexía a Lola*.

8.- Novas en xeral

Partindo do «imprescindible» Cabo Cañaverl o 15 de outubro de 1997, a sonda Cassini-Huygens, unha misión espacial non tripulada cofinanciada pola NASA americana, a ESA europea, e a ASI italiana, culminou a súa fantástica viaxe astral de vinte anos o pasado 15 de setembro, desintegrándose na atmosfera de Saturno a unha velocidade de 113.000 km/h. Mais antes, Cassini-Huygens revelounos numerosos enigmas do mesmo. Porque non só descubriu dous novos satélites do planeta, senón que comprobou a estrutura tridimensional dos seus aneis, deunos a coñecer a cartografía do mesmo, a exis-

tencia dun océano con indicios de actividade hidrotermal no seu satélite Enceladus e de mares de metano líquido en Titán, así como a composición da superficie dos satélites.

16-6: Dáse a coñecer a Edición dixital do Boletín *Novas Penzol* núm. 16, que recolle os documentos e publicacións de Fermín Penzol Lavandera (Sahagún de Campos, 1901 - Compostela, 1981). O Boletín foi recollido polo persoal da Fundación Penzol coa colaboración do seu padroeiro Silvestre Gómez Xurxo.

18-6: Romaría dos amigos no Mosteiro de Oseira, con acompañamento da Coral de Ruada.

23-6: Celébrase un Festival Folk na illa de San Simón, en Redondela. Na mesma data a Coral de Ruada ofrece o *Concerto dos Amigos* no Teatro Principal de Ourense.

28-6: O editor e xornalista Sabino Torres Ferrer (1924-2016), é declarado a título póstumo Fillo Predilecto de Pontevedra. Creador a finais dos anos 40 do pasado século da primeira colección de poesía en galego da posguerra, Sabino Torres foi

académico correspondente na RAG dende 1952.

25-7: Cerimonia relixiosa en lembranza de Rosalía de Castro e ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres en San Domingos de Bonaval, Compostela.

9.- Premios

26-5: O poeta e profesor de arte Xosé Luís Mosquera Camba (Guísamo, Bergondo, 1961), recibe o XX premio de poesía Concello de Carral pola súa obra *Devalar sen pel*. O premiado ten publicado tamén obras sobre arte.

3-6: Nas illas de San Simón, que hai oitocentos anos cantou o trobeiro Meendinho, e tal como empeza a ser xa tradicional, emitiuse o ditame dos Premios Xerais 2017 de literatura. Nas súas diferentes categorías recaeron nos seguintes participantes: A XXXIV Edición do Premio de Novela foi para Santiago Lopo (Vigo, 1974), profesor de francés na Escola de Idiomas de Pontevedra, pola súa obra *A arte de trobar*, na que reivindicou o papel das trobadoras nas culturas europea e galega. O XXXII Premio Merlín de Literatura Infan-

til foi para María Canosa (Cee, 1978), enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, por *Muriel*. Por último, o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil, foi para Manuel Lourenzo González (Vilaboa, 1955), polo seu traballo *Ceiba de luz*, unha sorprendente historia que se desenvolve na Amazonía peruana e que recolle a evolución psicolóxica dos seus 18 personaxes.

Na mesma data, aniversario tamén do nacemento de Ramón Cabanillas Enríquez (1876-1959), foille entregado a Xosé Ramón Pena (Betanzos, 1956), profesor en varias universidades, así como escritor, un busto do Poeta de Cambados esculpido por Eduardo Baamonde en recoñecemento do seu labor literario como investigador.

7-6: Resólvense en Ourense os Premios Otero Pedrayo de Escultura, que recaeron en Acisclo Manzano (Ourense, 1940) e Manuel Bucións (Carballedo, Lugo, 1938).

Por iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega, na súa XXIII edición, foi homenaxeada nesta data en Lugo, a súa vila natal, a escritora e filóloga da USC Pilar García Negro

(Lugo, 1953). O acto consistiu na colocación dun monólito na súa honra e a colocación dun magnolio na Praza de Ferrol da mesma cidade, o lugar onde Pilar xogaba cando era nena.

15-6: Son entregados en Compostela as Medallas Castelao do presente ano, que recaeron no investigador histórico Justo Beramendi González (Madrid, 1941), no presentador Xosé Ramón Gayoso (A Coruña, 1956), na gaiteira Cristina Pato (Ourense, 1980), no Instituto Oceanográfico de Vigo, que cumpre estes días o seu primeiro centenario de existencia, na actualidade dirixido por M.^a Victoria Besada e no Grupo Nove, un colectivo de cociñeiros galegos fundado no ano 2003.

19-6: Resólvense en Pontevedra os premios Julio Camba e Fernández del Riego que recaeron nos xornalistas lugueses Miguel Anxo Murado e María Varela por *El cedazo de los días* e *Cóxegas e tartas*, respectivamente.

29-6: No Castelo de Soutomaior foron entregados os Premios Peña Novo 2017 pola defensa do galego que, nesta

ocasión, recaeron na Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte nas Ondas, na Maxistrada do Xulgado de Instrución número 2 de Lugo, Sandra Piñeiro, e no neurofisiólogo da Universidade da Coruña Xurxo Mariño Alonso.

Na mesma data, 50 aniversario do pasamento de Plácido Castro, obtivo a viguesa Isabel Castro a XXVI edición do Premio de Tradución Plácido Castro. Isabel Castro, tradutora xa experimentada, conseguiu o premio polo seu traballo sobre a obra *Fosca* do italiano Iginio Ugo Tarchetti. A distinción foille entregada o 30 de setembro, Día Internacional da Tradución, en Vilagarcía da Arousa.

30-6: O arqueólogo Eduardo Méndez Quintas (Nigrán, 1982), Doutor en Evolución Humana, ofreceu unha importante conferencia no Instituto de Estudos Miñoráns, en Gondomar, sobre «Pasado e presente no coñecemento das primeiras ocupacións humanas de Galicia». E aproveitamos a ocasión para facervos saber que o Concello de Gondomar, con apenas 14.000 habitantes, protagonizou este verán un admirable esforzo cultural, orga-

nizando non só con 13 xeiras, por montes, mar, talasominia, e visitas culturais e etnográficas guiadas por toda a comarca, senón que presentou tamén contos e xogos populares saharauís, vertidos á nosa fala, así como a obra do emigrante senegalés Cheik Fayé, na actualidade xa galegofalante.

15-7: O II Premio de Relatos Curtos *O Cabaleiro das Cunchas*, da Vila de Bouzas, recae en Helena Gallego Abad pola súa obra *A Promesa*, baixo o pseudónimo *Lopo de Bouzas*.

19-7: *O xardineiro dos Ingleses*, do avogado Marcos Sánchez Calveiro (Vilagarcía, 1968), foi o gañador do Premio García Barros do Concello da Estrada. O traballo relata a vida da Vilagarcía onde naceu o autor, dende o século XIX ata o ano 1936. Sánchez Calveiro publicou xa varias novelas xuvenís e no ano 2015 obtivera o *Premio de Narrativa Breve Repsol*, con *Fontán*.

25-7: A deseñadora e artista Sara Coleman (A Coruña, 1980), é declarada gañadora do premio ARTS FAD pola súa obra *Pulsión*. Esta será exhibida ata o 29 de outubro no edificio de Deseño Hub de Barcelona.

30-7: A banda Tremiñado de Pontearreas gaña en Compostela a Liga de Gaitas na súa XXVI edición. A vitoria no segundo grao correspondeulle á Escola de Gaitas provincial de Pontevedra, mentres que a do terceiro recaeu en San Xoán de Paramos, Tui.

17-9: O licenciado en Filoloxía galego-portuguesa e cofundador da editorial *Letras de Cal*, Rafa Villar (Cee, 1968), gaña co seu poemario *Erosións* o X Premio de Poesía Victoriano Taibo, convocado polo Instituto de Estudos Miñoráns e o Concello de Gondomar. Rafa Villar obtivera xa o Premio Fermín Bouza Brey en 1992, o Curuxa, de humor, o Cómáros Verdes de Vilagarcía, e o Cidade de Ourense en poesía. A entrega deste novo premio será feita en Gondomar o próximo 18 de novembro.

10.- Varia

26-6 a 29-7: Celébrase en Moaña o Festival Intercéltico do Morrazo. Nas mesmas datas celébrase tamén a XI edición do Nigránjazz. Entre o 28-6 e o 30-7 o Festival da Ribeira Sacra.

29-6: Nun acto efectuado en Vigo, ingresa na RAG de Xurisprudencia Julio César Picatoste Bobillo, maxistrado da Audiencia Provincial e profesor asimilado á Universidade olívica. O novo académico, autor xa de numerosos estudos xurídicos e decidido seguidor de Franz Kafka (1883-1924), elaborou un realista discurso no que se queixou da extrema gravidade á que nos conduce a crecente burocratización da xustiza, do desacerto das últimas reformas nela efectuadas, e do nulo coñecemento da lei entre os cidadáns.

Xoán Bernárdez Vilar